

Bloque 1. Tema 1.

A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa)

Os Reis Católicos, Isabel I de Castela e Fernando II de Aragón, ambos da dinastía Trastámara, acadaron o trono de Castela en 1474 tras a **vitoria na guerra civil sobre Juana “a Beltranexa”**, filla do irmán de Isabel e anterior rei de Castela, Enrique IV. Juana fora apoiada polo monarca portugués Afonso V e polo rei de Francia, ademais de membros da alta nobreza, que temían unha monarquía forte e autoritaria. Pola súa banda, Isabel foi apoiada polo rei de Aragón, Juan II (pai do seu marido, Fernando), pola pequena nobreza e pola oligarquía das cidades. A derrota dos partidarios de Juana na batalla de Toro marcou o desenlace da guerra civil, e a renuncia definitiva dos dereitos sucesorios de Juana ratificárase no Tratado de Alcáçovas, en 1479.

Ese mesmo ano Fernando herda o trono da Coroa de Aragón, **unificando, deste xeito, os dous grandes reinos peninsulares, pero so a nivel matrimonial**. No documento denominado Concordia de Segovia (1475) os consortes pactaron que ambos o dous conservarían o seu poder en cada territorio (Isabel temía que Fernando pretendere, por ser varón, ser declarado único herdeiro lexítimo dos dous reinos). Esta unión de Castela e Aragón era, polo tanto, de tipo dinástico, e non implicaba unha unión política de ambos reinos. **Tiñan en común as persoas dos reis que os gobernaban conxuntamente, pero cada reino conservaba a súa independencia política**.

Os Reis Católicos acometeron unha **profunda reforma administrativa e política** pola que son considerados os monarcas que inician a transición do Medievo á Modernidade. Estas reformas estaban orientadas a **fortalecer o poder real fronte ao da nobreza**, apoiándose nas cidades, marcando así o nacemento da monarquía autoritaria e extinguindo a feudal. Sen embargo, mantivéronse as institucións de cada reino e a lexislación foral (os denominados “privilexios forais”, abolidos definitivamente cos Decretos de Nova Planta de Felipe V en 1716). Todas estas reformas foron moito máis significativas en Castela que en Aragón.

Introduciron **un vicerrei en cada reino** e o método da insaculación para o nomeamento de cargos (é dicir, para escoller a un alto cargo, introducíanse nun saco os nomes de varios candidatos eleixidos polos monarcas, e o azar decidía quen sería a persoa nomeada). Tamén se consolidou a figura do **correxidor** como representante do poder real no goberno das cidades de reguengo en Castela, con funcións xudiciais e policiais. Para garantir a orde pública e pacificar o mundo rural creouse a **Santa Irmandade**, un corpo policial sufragado polas cidades que serviu, ademais, de

control real para someter á nobreza díscola.

As **Cortes**, onde se reunían os estamentos privilexiados e os representantes das cidades, foron convocadas con menor frecuencia. Para o goberno dos territorios e os asuntos do reino foi gañando importancia o **Consello Real ou Consello de Castela** (reforzado polo Secretario Xeral), que era un órgano consultivo formado por letrados, nobres e eclesiásticos de confianza dos reis.

As decisións dos monarcas eran executadas polos diferentes **Consellos**, dos que había dous tipos: os territoriais (o de Castela e o de Aragón) e os temáticos (Facenda, Santa Inquisición...). O **Consello de Facenda** foi creado para mellorar os ingresos e así poder desenvolver un exército e unha burocracia reais. Os monarcas obtiñan os seus ingresos do quinto real do comercio americano, dos impostos a mudéxares e xudeus, das rendas derivadas das ordes militares e das rendas eclesiásticas derivadas do Padroado Rexio e da Bula da Cruzada existente pola loita contra o Islam. O papa Alejandro VI entregoulle o “Maestrazgo” das ordes militares a Fernando, o que supuxo unha forte inxección económica e o aumento do seu poder territorial.

Creouse un sistema xudicial centralizado, tribunais reais de apelación (as **Chancelerías**, con sedes en Valladolid e Granada) e as **Audiencias**, que eran un nivel superior para impartir xustiza por riba do sistema xudicial feudal desempeñado polos señores nos seus territorios.

Tamén foi creado o **tribunal da Santa Inquisición** para velar pola **unidade relixiosa** acadada en 1492 tras a conquista do Reino Nazarí de Granada, último reducto musulmán peninsular. Esta unidade afianzouse ese mesmo ano tras a expulsión dos xudeus e musulmáns, iniciando así a cuestión dos cristiáns vellos e novos e dos conversos.

En 1515, baixo o pretexto dun enfrontamento co monarca francés, as Cortes de Castela declararon a **anexión do reino de Navarra**, formando un Estado que sería denominado posteriormente como a Monarquía hispánica.